

VIGO, 26 e 27 de febreiro de 2011

XLVII CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA

INSTALACIÓNS CONSORCIO
ZONA FRANCA DE VIGO
(PEIRAO DE BOUZAS)

Colabora



Organiza

ALCALDÍA







Os próximos 26 e 27 de febreiro, celebrarase na nosa cidade a 47ª edición do Concurso-Exposición Internacional da Camelia.

A camelia é pola súa beleza, unha flor, que dende as afastadas costas de China e Xapón, soubo adaptarse con exquisita eficacia aos doce invernos das Rías Baixas. Constitúe todo un símbolo, tanto nesta cidade como no seu ámbito, que decora coa súa sinxela beleza moitas das rúas e xardíns

de Vigo e os seus arredores. É ademais unha flor que podemos encontrar nas casas de case todas as parroquias, formando parte da nosa tradición floral máis arraigada.

Fiel flor compañeira que alegra os fríos días do inverno e enche de colorido as nosas rúas, prazas e xardíns facendo de Vigo o escenario ideal para a celebración deste certame, como cidade emocionalmente relacionada con esta flor, que mesmo adicou o nome de Camelia a unha das arterias principais da cidade.

Por iso quero invitar a cidadanía de Vigo, e a todos os municipios da nosa área, que veñan a gozar e participar deste fermoso evento que ao longo de tantos anos serviu para unir aos habitantes das Rías Baixas arredor da camelia, unha das expresións máis delicadas, cálidas e exclusivas da nosa flora. Estou convencido de que esta 47ª edición será un éxito de participación.

Abel Caballero
Alcalde de Vigo

Comité de Honra

PRESIDENTA

S.M. Dona Sofía Raíña de España

MEMBROS DO COMITÉ

D. Alberto Núñez Feijoo
Presidente da Xunta de Galicia

D. Fumiaki Takahashi
Embaixador do Xapón en España

D. Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo

D. Samuel Juárez Casado
Conselleiro de Medio Rural

D. Roberto Varela Fariñas
Conselleiro de Cultura e Turismo

D. Rafael Louzán Abal
Presidente da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra

D. Miguel Anxo Fernández Lores
Alcalde de Pontevedra

Dna. Dolores García Giménez
Alcaldesa de Vilagarcía de Arousa

Bases do concurso



1 O Concello de Vigo organiza o XLVII CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA, que terá lugar os días 26 e 27 de febreiro de 2011, nas instalacións do Consorcio da Zona Franca de Vigo (Peirao de Bouzas).

2 Poderán concorrer todas as persoas maiores de idade, interesadas na camelia, profesionais ou afeccionados, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nas presentes bases.

3 Poderán presentarse flores pertencentes a calquera especie e variedade de *Camellia*, así como calquera híbrido destas.

4 Establécense os seguintes premios:

a) **PREMIO CAMELIA DE OURO:** para o concursante que presente o conxunto de variedades máis destacado en canto a número e calidade das flores. A quen se lle outorgue este premio, non poderá optar a ningún dos demais premios previstos nestas bases. O/A gañador/a deste premio será invitado a formar parte do xurado do concurso do ano seguinte, no que as súas flores terán un lugar destacado e en cuxo caso non poderá participar como concursante.

b) **PREMIO ESPECIAL ANTONIO ODRIOZOLA:** se outorgará á flor individual máis destacada de todas as que optaran a este premio e que se exporán nunha mesa separada. Cada concursante poderá presentar un máximo de cinco variedades, representada cada unha delas por unha única flor. Será requisito imprescindible que estean perfectamente identificadas co nome da especie e o da variedade á que pertencen.

c) **Primeiro, segundo e terceiro premios** aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:

c.1.- *Camellia reticulata* de calquera cor ou variegación.

c.2.- *Híbridos de camellia*.

d) **Primeiro e segundo premios** aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:

d.1.- *Camellia japonica* branca

d.2.- *Camellia japonica* rosada ou doutras cores

d.3.- *Camellia japonica* vermella

d.4.- *Camellia japonica* xaspeada ou variegada

d.5.- Outras especies de *Camellia*

Os lotes que participen en calquera das modalidades indicadas nos apartados c e d deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen. Estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove, agás o caso das camelias pertencentes a outras especies, que se poderán expoñer sen limitación de número. En caso de empate entre varios lotes o xurado manifestarase a favor do que teña as flores máis homoxéneas.

Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes.

e) **Primeiro e segundo premios á mellor presentación artística.** Valorarase como tal o conxunto de flores e plantas de camelia acompañados ou non doutros obxectos e elementos decorativos que, a xuízo do xurado, se distingan pola súa colocación artística. Os conxuntos que opten ao premio da mellor presentación artística participarán unicamente nesta categoría. A organización proveerá dunha tarxeta para que se distingan claramente, co rótulo de "presentación artística".

f) **Premio especial da Sociedade Española da Camelia** ao/a concursante máis destacado/a entre os que participen por primeira vez no certame de Vigo, con independencia de que se presentase en calquera das outras dúas sedes do concurso.

- 5** Co obxecto de que os premios sexan distribuídos entre un maior número de concursantes, un/unha mesmo/a concursante non poderá obter máis de dous premios.
- 6** Co obxecto de facilitar o labor do xurado a organización daralle a cada expositor no momento da súa presentación unha tarxeta co número de inscrición e outra por cada modalidade de premio na que participa. Tamén levará unha etiqueta co seu nome, que deberá colocar unha vez concluído o traballo do xurado e despois de ler a acta de premiados.
- 7** Co obxecto de facilitar que aqueles/as cultivadores/as que non desexen participar no concurso poidan de calquera modo amosar as súas flores, a organización habilitará unha mesa especial para eles. Neste caso serán válidas todas as observacións indicadas nas presentes bases, agás as relativas ao concurso propiamente dito e aos seus premios.
- 8** As inscricións no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, desde o día seguinte á aprobación das presentes bases na Xunta de Goberno Local até as 13,30 horas do día 21 de febreiro de 2011, nun impreso que se facilitará para este fin. Nesta inscrición deberá especificarse a modalidade ou modalidades na que se concursa e a superficie que se precisará para a súa exposición. A superficie concedida a cada concursante quedará condicionada á orde de inscrición e, en todo caso, ás dimensións da sala de exposición.
- 9** Os/as concursantes presentarán os seus lotes de flores na sala de exposicións entre as 9 e as 13 horas do sábado 26 de febreiro e poderán retiralos de 21 a 23 horas do domingo 27 de febreiro.
- 10** A exposición inaugurarase o sábado 26 de febreiro ás 18,30 horas coa lectura do dictame do xurado do concurso, agás cambio decidido pola organización. A entrega de premios terá lugar o domingo 27 de febreiro ás 12 horas.
- 11 O xurado estará composto polos seguintes membros:**
- Presidente/a:** A concelleira da Área de Economía e Facenda, Limpeza, Parques e Xardíns ou persoa na que delegue.
- Secretario/a:** Un/unha técnico/a da Área de Montes, Parques e Xardíns.
- Vogais:**
- Un representante do Concello de Vigo.
 - Un representante do Concello de Vilagarcía de Arousa.
 - Un representante da Deputación de Pontevedra.
 - Un representante designado pola Asociación Española da Camelia.
 - O gañador da Camelia de Ouro da edición anterior.
 - Dúas persoas de recoñecido prestixio vencelladas á camelia e que serán designadas polo Concello de Vigo.
- 12** O xurado poderá declarar desertos algún/s dos premios establecidos nas bases e poderán conceder mencións especiais por outros conceptos distintos aos sinalados. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a do xurado.
- 13** Polo simple feito de solicitaren a inscrición, os participantes declaran coñecer e aceptar integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado.
- 14** O/a presidente/a do xurado queda facultado/a para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ao longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso puidese producirse.

Programa

Sábado 26 de febreiro

9,00 h

Recepción dos concursantes
e inicio da montaxe

13,00 h


Finalización da montaxe e
reunión do xurado

18,30 h

Apertura ao público e
inauguración da exposición
Lectura do ditame do xurado

21,00 h

Peche da exposición



de Actos

Domingo 27 de febreiro

10,00 h

Apertura ao público da
exposición

10,15 h

Presentación do selo
conmemorativo con mataselos
específico

12,00 h

Entrega de premios

12,30 h

Actuación da Escola Municipal
de Danza e Percusión
Tradicional do Concello de Vigo

21,00 h

Peche da exposición



Edicións anteriores

I Pontevedra

26 a 28 de febreiro de 1965

II Vigo

11 a 13 de febreiro de 1966

III Vilagarcía de Arousa

19 a 22 de febreiro de 1967

IV Pontevedra

3 a 5 de febreiro de 1968

V Vigo

22 a 25 de febreiro de 1969

VI Vilagarcía de Arousa

6 a 8 de febreiro de 1970

VII Pontevedra

27 a 28 de febreiro de 1971

VIII Vigo

26 a 28 de febreiro de 1972

IX Vilagarcía de Arousa

23 a 25 de marzo de 1973

X Pontevedra

2 a 3 de marzo de 1974

XI Vigo

1 a 3 de marzo de 1975

XII Vilagarcía de Arousa

26 a 28 de marzo de 1976

XIII Pontevedra

5 a 6 de marzo de 1977

XIV Vigo

4 a 6 de marzo de 1978

XV Vilagarcía de Arousa

24 a 25 de marzo de 1979

XVI Pontevedra

22 a 23 de marzo de 1980

XVII Vigo

21 a 23 de marzo de 1981

XVIII Vilagarcía de Arousa

6 a 7 de marzo de 1982

XIX Pontevedra

5 a 6 de marzo de 1983

XX Vigo

5 a 11 de marzo de 1984

XXI Vilagarcía de Arousa

8 a 10 de marzo de 1985

XXII Pontevedra

15 a 16 de marzo de 1986

XXIII Vigo

7 a 8 de marzo de 1987

XIV Vilagarcía de Arousa

3 a 4 de marzo de 1988

XXV Pontevedra

11 a 12 de marzo de 1989

XXVI Vigo

3 a 4 de marzo de 1990

XXVII Vilagarcía de Arousa

1 a 3 de marzo de 1991

XXVIII Pontevedra

22 a 23 de febreiro de 1992

XXIX Vigo

6 a 7 de marzo de 1993

XXX Vilagarcía de Arousa

4 a 6 de marzo de 1994

XXXI Pontevedra

3 a 5 de marzo de 1995

XXXII Vigo

9 a 10 de marzo de 1996

XXXIII Vilagarcía de Arousa

8 a 9 de marzo de 1997

XXXIV Pontevedra

7 a 8 de marzo de 1998

XXXV Vigo

21 a 23 de marzo de 1999

XXXVI Vilagarcía de Arousa

26 a 27 de febreiro de 2000

XXXVII Pontevedra

3 a 4 de marzo de 2001

XXXVIII Vigo

2 a 3 de marzo de 2002

XXXIX Vilagarcía de Arousa

1 a 2 de marzo de 2003

XL Pontevedra

28 a 29 de febreiro de 2004

XLI Vigo

26 a 27 de febreiro de 2005

XLII Vilagarcía de Arousa

18 a 19 de febreiro de 2006

XLIII Pontevedra

3 a 4 de marzo de 2007

XLIV Vigo

1 a 2 de marzo de 2008

XLV Vilagarcía de Arousa

28 de febreiro a 1 de marzo de 2009

XLVI Pontevedra

26 a 28 de febreiro de 2010



Colabora



Organiza

